



Concello de A Pobra do Caramiñal

Expediente núm.: 3797/2018

Procedemento: Operación de crédito de 372.293,36 € para investimentos

PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACIÓN

No Orzamento aprobado para este exercicio 2018 contemplábase unha serie de investimentos que se ían financiar total ou parcialmente con endebedamento. Os investimentos concretos e os importes recolléronse no Anexo de investimentos do Orzamento. O endebedamento total que se previa concertar era de 937.138,03 € (excluído o préstamo que concedía a Deputación provincial a través do POS+ 2018).

A concertación de operacións de endebedamento cuxo importe acumulado dentro do exercicio non supere o 10% dos ingresos correntes do orzamento é competencia da Alcaldía, de acordo co artigo 52.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Cando o importe acumulado supere ese 10% a competencia para a concertación pasa a ser do Pleno da Corporación.

O importe dos ingresos correntes do orzamento para este 2018 é de 6.716.921,38 €, polo que será competencia da Alcaldía a autorización de operacións de endebedamento cando o seu importe acumulado non supere o 10% de dita cantidade, é dicir, que non supere 671.692,14 €.

Tendo en conta que neste exercicio xa se autorizou unha operación de endebedamento por importe de 565.844,67 € pola Alcaldía, e que o préstamo que se propón realizar agora ten unha contía de 372.293,36 €, o importe acumulado de ambas operacións supera os 671.692,14 €, polo que o órgano competente para a súa aprobación será o Pleno do Concello

Sendo necesario realizar a concertación de dito préstamo antes de que remate este exercicio 2018, e visto o informe da Intervención municipal (cod validación 6P2ZYF22CDW7LX62TD3LE7C24)

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido o artigo 52.2 do Texto Refundido de Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, en relación cos artigos 22.2.m) e 47.2.l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

Propónse ao Pleno a aprobación do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente para proceder á concertación dunha operación de préstamo a longo prazo por un importe de 372.293,36 €, para financiar os seguintes investimentos recollidos no Anexo de investimentos do Orzamento deste Concello para 2018:

Programa de gasto	Económica	TÍTULO INVESTIMENTO	Custo do investimento	ENDEBEDAMENTO BANCOS	
				Importe	Concep to ingr.
165	61900	INVESTIMENTOS REPOSICIÓN EN ALUMEADO PARA MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA	941.438,99 €	188.287,81 €	91300
342	62300	MODULO CUBERTO DE ATLETISMO NO ESTADIO DA ALTA (POS+ 2018)	314.772,07 €	184.005,55 €	91300

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

		TOTAL		372.293,36 €	
--	--	--------------	--	---------------------	--

SEGUNDO. Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de condicións técnicas que rexerán a operación de préstamo, que se inclúen como Anexo a esta proposta de acordo.

TERCEIRO. Facultar ao Alcalde para a tramitación e adxudicación da operación de endebedamento que financia este crédito extraordinario nos termos previstos no Prego de cláusulas administrativas e no Prego de condicións técnicas a que se refire o punto segundo deste acordo.

CUARTO. Publicar no Taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello o anuncio de licitación xunto cos Pregos da operación e remitir as condicións da concertación de devandita operación de crédito a longo prazo ás entidades financeiras, para que presenten as súas ofertas.

A Pobra do Caramiñal

O alcalde

José Luis Piñeiro García

Concello de A Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 (A Coruña). Tfno. 981843280. Fax: 981831192



Concello de A Pobra do Caramiñal

ANEXO

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HAN DE REXER A CONTRATACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE CRÉDITO POR IMPORTE MÁXIMO DE 372.293,36 €.

1. OBXETO DO CONTRATO

O presente prego de cláusulas ten por obxecto a concertación dun contrato de préstamo con previa apertura de crédito que posibilite a obtención de recursos económicos necesarios para financiar parte dos investimentos previstos no Orzamento municipal para o exercicio 2018, por importe máximo de 372.293,36 € euros (TRESCENTOS SETENTA E DOUS MIL DOUSCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS), como valor de licitación dos investimentos previstos. O cantidade a financiar finalmente dependerá das baixas que podan producirse no proceso de licitación dos investimentos.

Os investimentos a financiar son os seguintes proxectos:

Programa de gasto	Económica	TÍTULO INVESTIMENTO	PRESTAMO
165	61900	INVESTIMENTOS REPOSICIÓN EN ALUMEADO PARA MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA	188.287,81 €
342	62300	MODULO CUBERTO DE ATLETISMO NO ESTADIO DA ALTA (POS+ 2018)	184.005,55 €
		TOTAL	372.293,36 €

As características técnicas da presente operación atópanse establecidas no Prego de condicións técnicas que, como Anexo, forman parte do presente documento.

2. RÉXIME XURÍDICO.-

A presente operación de préstamo é un contrato excluído da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, a tenor do artigo 10 de dita disposición legal, polo que o contrato terá carácter mercantil, regularanse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da Lei de Contratos para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse. Aplicarase tamén supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo (RD Lexislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e as demais que resulten de aplicación) ou, no seu caso, as normas de dereito privado. En canto ós seus efectos e extinción, estes contratos rexeranse polo dereito privado que lle sexa aplicable.

3.- PREZO

Constitúe o prezo deste contrato o importe do desembolso anual que, como consecuencia da suma de intereses, deba realizar este Concello, se ben non se fixa en concreto o seu importe, tendo en conta as peculiares características desta contratación, debendo ser determinadas polos contratistas.

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

4.- CONTÍA DO CRÉDITO, PERÍODO DE DISPOÑIBILIDADE E CONSOLIDACIÓN.-

A Entidade financeira abrirá un crédito a favor do Concello da Pobra do Caramiñal por valor de **372.293,36 euros**. Dito crédito reflectirase nunha conta de crédito onde o Concello irá dispoñendo as cantidades necesarias en función do grado de execución dos investimentos obxecto de financiamento e das necesidades de tesourería existentes.

As cantidades dispostas na conta de crédito vindicarán os intereses previstos na cláusula VI.2 dende a data de cada disposición ata a data de consolidación da débeda establecida no contrato de préstamo.

A partir de dita consolidación comezará a cancelarse o préstamo de acordo co previsto na cláusula VI.4.

O período de dispoñibilidade da conta de crédito previo á de consolidación da débeda iniciárase na data de formalización do contrato.

5.- DISPOSICIÓNS DE FONDOS.-

As disposicións de fondos efectuaranse mediante a correspondente petición de traspaso subscrita polo Ordenador de pagos (o Alcalde ou persoa en quen delegue), coa toma de razón do Interventor e o Tesoureiro.

As peticións de fondos serán atendidas no momento da súa solicitude

As cantidades dispostas adebedaranse na conta corrente de crédito con abono á conta operativa de ingresos e pagos aberta a nome do Concello na Entidade prestamista, salvo que pola operativa da entidade a conta de crédito sexa a mesma que a conta operativa. As datas valor de cargo e abono serán as mesmas.

En caso de que non exista dita conta, pola Entidade Financeira procederáse a formalizala. Tódolos movementos e apuntes que se deban anotar na mesma como consecuencia de operacións realizadas polo Concello, tales como transferencias, traspasos, expedición e cobro de cheques, devolucións, etc., estarán exentos de comisións e gastos bancarios de calquera natureza; ao igual que as contas que sexan precisas para levar a cabo a operativa da operación financeira descrita, exceptuando as expresamente previstas nos presentes pregos de prescricións

6.- CONDICIÓN PARTICULARES DO CONTRATO DE PRÉSTAMO.-

VI.1) Contía do préstamo.-

372.293,36 € euros (TRESCENTOS SETENTA E DOUS MIL DOUSCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS)

VI.2) Xuros.-

O tipo de xuro aplicable á operación será o tipo de xuro VARIABLE ofertado pola entidade financeira, que estará referenciado ó EURIBOR a 3 meses mais/menos un diferencial, conforme a normativa sobre prudencia financeira (art. 48 bis do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, e a Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, polo que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das entidades locais).

Os xuros do préstamo calcularanse aplicando ó capital pendente de amortización en cada vencemento o tipo de xuro da oferta seleccionada.

Os xuros de demora non poderán superar o tipo de xuro da operación mais un recargo do 2% anual

VI.3) Comisións.-

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

A operación descrita ao longo deste prego deberá estar exenta de calquera tipo de comisións, singularmente:

- Comisión por estudo ou apertura.
- Comisión por amortización anticipada, xa sexa total ou parcial.
- Comisión por non disposición da operativa de crédito previa a consolidación.
- Comisións de calquera tipo nas contas correntes ou calquera instrumento que sexa preciso, para formalizar e efectuar os pagos de xuros e principal, así como as operativas de traspaso de fondos, ingresos e calquera outro necesario para garantir o funcionamento normal de ditas contas.

VI.4) Amortización.-

A duración da operativa descrita será dun máximo de 12 anos, conforme as seguintes regras.

- A data de consolidación da operación de tesourería en préstamo a longo prazo non poderá superar o 31 de decembro de 2020. No caso de rematarse os investimentos antes desa data o Concello poderá comunicar tal circunstancia á entidade prestamista para que se realice a consolidación no prazo máximo de 10 días hábiles dende a recepción da notificación pola entidade prestamista.
- Unha vez consolidado o préstamo a longo prazo, a amortización do principal farase mediante amortizacións constantes por décimas partes iguais do préstamo. De tal forma que a primeira amortización coincida no mesmo día, ou hábil seguinte, ao de consolidación do préstamo. (exemplo: Durante o ano 2019 licítanse e páganse obras por importe de 200.000 euros con cargo a conta de crédito constituído, o día 15 de setembro de 2019 consolidase o crédito disposto mediante préstamo a longo prazo, e o día 15 de setembro de 2020 realízase a primeira amortización de principal por 20.000 euros).

En todo caso, o Concello poderá cancelar anticipadamente, con carácter total ou parcial, as cantidades pendentes de amortizar, en calquera momento, sen máis requisito que a comunicación previa á Entidade Financeira adxudicataria.

7.- GARANTÍAS DO PRESTATARIO.-

O Concello da Pobra do Caramiñal, durante a vixencia do contrato de préstamo e ata a total cancelación das súas obrigas, consignará nos correspondentes Orzamentos anuais as cantidades necesarias para facer fronte ó pago de intereses e amortizacións derivadas do citado contrato.

8.- CAPACIDADE PARA CONCORRER.-

Poderán presentar ofertas tódalas entidades de crédito e aforro que figuren inscritas no Rexistro Oficial do Banco de España, e teñan capacidade legal para levar a cabo a operación descrita.

9.- LUGAR, PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS

As ofertas presentaranse no modelo de proposición que figura no anexo ó presente prego de cláusulas administrativas particulares. Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello da Pobra do Caramiñal, no horario de atención ó público (8h a 15h), en sobre pechado, asinado polo representante da entidade oferente. O prazo para a presentación das ofertas será **de 10 DIAS HÁBILES dende a publicación do anuncio de licitación no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (<https://apobra.sedelectronica.es>)**

No sobre a presentar indicará no seu exterior a indicación: “ Proposición para tomar parte no procedemento para contratar unha operación de endebedamento co Concello da Pobra do Caramiñal

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

por importe de 372.293,36 euros”, debendo incluír a seguinte documentación:

- 1 Copia do poder notarial e copia do D.N.I. no que se acredite a representación da persoa ou persoas que subscriban a correspondente oferta
- 2 Proposición económica: conterá a oferta económica conforme ó modelo que se recolle no anexo ó presente Prego.

10.- PREGOS E INFORMACIÓN ÁS ENTIDADES FINANCEIRAS INTERESADAS

O presente prego, unha vez aprobado polo órgano municipal correspondente, estará exposto ó público ata que remate o prazo de presentación de proposicións na sede electrónica do Concello, así como a o acceso ao expediente de todos aqueles interesados.

Calquera entidade de crédito ou aforro que cumpra as condicións establecidas no presente prego para concorrer, poderá solicitar á Intervención Municipal do Concello da Pobra do Caramiñal a seguinte documentación:

- a) Orzamento Xeral do Concello da Pobra do Caramiñal actualmente vixente.
- b) Liquidación do Orzamento e Conta Xeral do exercicio 2017.
- c) Liquidación do Orzamento e Conta Xeral do exercicio 2016.
- d) Calquera outra que a xuízo da Intervención sexa precisa para a avaliación da operación.

Igualmente as entidades financeiras por medio do presente prego, quedan autorizadas para consultar e obter informe de riscos crediticios do Concello na Central de Información de Riscos do Banco de España.

11.- APERTURA DE OFERTAS

Realizarase na data que se estableza mediante Resolución de Alcaldía, e publicarase no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (<https://apobra.sedelectronica.es>). A apertura realizarase en acto público que presidirá o Sr. Alcalde ou Concelleiro en quen delegue.

12.- AVALIACIÓN

As ofertas presentadas serán avaliadas polo Técnico de Administración Financeira, quen realizará informe proposta de adxudicación ao órgano competente, previa fiscalización.

Se algunha das ofertas presentadas ofrecera dúbidas interpretativas, darase conta das mesmas á entidade financeira que corresponda, a fin de que proceda no prazo de tres días a efectuar as aclaracións ou ampliacións que considere oportunas.

13.- CRITERIOS DE SELECCIÓN

O criterio de selección da entidade adxudicataria virá determinada pola oferta que supoña un tipo de xuro mais baixo. En caso de empate, empregárase o menor tipo de xuros de demora. No caso de persistir o empate, realizarase un sorteo entre as ofertas incursas en dita circunstancia.

14. OBRIGAS DO CONTRATISTA

O contratista está obrigado a cumprir as prestacións do contrato nos prazos que se determinen no prego.



Concello de A Pobra do Caramiñal

Serán de conta do contratista o pago do importe dos anuncios e de cantos outros gastos se ocasionen con motivo dos trámites preparatorios e de formalización do contrato, incluído, se é o caso, os de elevación a escritura pública si así o requirise a parte prestamista, así como tódalas exaccións estatais, provinciais e municipais.

15.- ÓRGANO DE ADXUDICACIÓN.-

O órgano competente para a autorización desta operación de endebedamento e a súa adxudicación é o Alcalde do Concello.

16.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Unha vez que o Presidente da Corporación acordase a adxudicación, notificarase á entidade adxudicataria para proceder á sinatura do correspondente contrato, que deberá formalizarse no prazo de OITO días naturais a partir de tal notificación.

17.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO.-

Son causas de resolución do presente contrato as seguintes:

- Incumprimento das prestacións e cláusulas estipuladas no presente Prego.
- A extinción da personalidade xurídica da Entidade adxudicataria.
- A declaración en concurso de acredores da entidade adxudicataria
- Mutuo acordo entre as partes.
- Cancelación anticipada da totalidade do préstamo.
- As contempladas no dereito común.

18.- XURISDICIÓN

O orde xurisdiccional contencioso administrativo será o competente para resolver as cuestións litixiosas relativas á preparación e adxudicación do presente contrato.

Non obstante, corresponderá ó orde xurisdiccional civil, coñecer de todas as cuestións litixiosas que se puideran plantexar en canto ao cumprimento, efectos e extinción do presente contrato.



Concello de A Pobra do Caramiñal

ANEXO

MODELO DE PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NO PROCEDEMENTO DE CONTRATAÇÃO DUNHA OPERACIÓN DE CRÉDITO A LONGO PRAZO

D.con D.N.I. nº, veciño decon domicilio enCódigo Postal,teléfonoactuando en representación decon CIF..... **e sinalando como dirección de correo electrónico a efectos de notificacións telemáticas**....., manifesta que, enterado do procedemento de contratación promovido polo Concello da Pobra do Caramiñal para concertar unha operación de endebedamento máximo por importe de **372.293,36 € euros (TRESCENTOS SETENTA E DOUS MIL DOUSCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS)**, e aceptando integramente as cláusulas contidas no Prego de Cláusulas Administrativas particulares e condicións técnicas, comprométese a prestar a citada cantidade á Entidade Local convocante nas seguintes condicións:

Oferta a tipo de xuro VARIABLE:

- DIFERENCIAL sobre o EURÍBOR A TRES MESES: _____ PUNTOS BÁSICOS
- Tipo de xuro en caso de DEMORA _____ %.

En, a de de 2018.

POLA ENTIDADE

Asdo.:



Concello de A Pobra do Caramiñal

PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS

PRIMEIRA.- O prazo total da operación dividirase en dous tramos:

- **Un primeiro tramo con funcionamento como operación de crédito**, que abarcará dende o momento de formalización da operación ata o momento da consolidación do saldo disposto nun préstamo. Esta consolidación farase unha vez determinados os importes de execución das obras obxecto de financiamento, sen que dita data supere o 31 de decembro de 2020. Neste período non se amortizará principal e liquidaranse os xuros trimestrais.
- **Un segundo tramo que irá dende a data de consolidación do ano X ata a data de consolidación do ano X+10**, nos que se amortizará o principal por décimas partes do préstamo constituído, liquidándose trimestralmente os xuros que correspondan.

SEGUNDA.- Os únicos gastos que satisfará o Concello á entidade prestamista serán os de xuros, que serán calculados da forma que se contempla neste prego.

O Concello poderá anticipar o pago total da cantidade adebedada en calquera momento, así como efectuar entregas parciais a conta da débeda sen que elo lle supoña gasto nin comisión algunha por dito reembolso anticipado, sen máis requisito que a comunicación previa á Entidade Financeira adxudicataria, aplicándose ditas amortizacións ou ben a reducir o prazo de amortización ou ben a minorar a cota.

TERCEIRA.- Cada Entidade Financeira licitadora deberá sinalar o diferencial sobre Euribor trimestral que, por tódolos conceptos (corretaxes, taxas, comisións e outros gastos), deba de aumentarse ou diminuírse ó tipo de referencia. O tipo de xuro final que resulte de sumar ou restar ó EURIBOR a TRES meses á marxe establecida pola Entidade Financeira **NON SE REDONDEARÁ**, nin en exceso nin en defecto, e calquera outros gastos que puideran existir, non serán repercutidos ó Concello, debendo ser asumidos, en todo caso, pola Entidade Financeira adxudicataria.

CUARTA.- Os pagos por intereses e amortizacións que haxa de satisfacer o Concello por esta operación aboarse por **TRIMESTRES VENCIDOS**.

QUINTA.- Nas datas expresadas, a Entidade xirará para o seu abono o recibo correspondente.

SEXTA.- A petición de fondos e o ingreso dos mesmos na Conta operativa aberta na Entidade adxudicataria será realizada polo Concello a proposta da Intervención municipal, de acordo co nivel de execución do orzamento e os proxectos financiados, así como das necesidades de Tesourería existentes. Estará subscripta polo Ordenador de pagos (o Alcalde ou persoa en quen delegue), coa toma de razón do Interventor e o Tesoureiro.

A Pobra do Caramiñal,
O alcalde
José Luis Piñeiro García

(documento asinado dixitalmente)

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

ANEXO

Expte nº: 3774/2018

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HAN DE REXER A CONTRATACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE CRÉDITO POR IMPORTE MÁXIMO DE 564.844,67€.

1. OBXETO DO CONTRATO

O presente prego de cláusulas ten por obxecto a concertación dun contrato de préstamo con previa apertura de crédito que posibilite a obtención de recursos económicos necesarios para financiar parte dos investimentos previstos no Orzamento municipal para o exercicio 2018, por importe máximo de 564.844,67 euros (QUINIENTOS SESENTA E CATRO MIL OITOCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS), como valor de licitación dos investimentos previstos. O cantidade a financiar finalmente dependerá das baixas que podan producirse no proceso de licitación dos investimentos.

Os investimentos a financiar son os seguintes proxectos:

Programa de gasto	Economica	TÍTULO INVESTIMENTO	PRÉSTAMO
153,2	61900	ASFALTADOS EN PISTAS RURALS	77.000,00 €
153,2	61900	ASFALTADO E MELLORA DA ESTRADA DE CADRECHE A OUXO E VILARIÑO	3.000,00 €
153,2	61900	MELLORAS DE ACCESIBILIDADE E SEGURIDADE NA RUA SAN ROQUE E ADRO DO CARAMIÑAL	41.557,55 €
160	62300	INSTALACION DE REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE CAMPIÑO (POS+ 2017 COMPLEMENTARIO)	70.790,79 €
337	62200	CASA DA MOCIDADE	111.386,80 €
432	62500	SINALIZACION E MELLORA DA ACCESIBILIDADE AOS RECURSOS TURISTICOS DA POBRA	54.472,36 €
924	63200	REHABILITACIÓN DE CENTROS SOCIAIS	100.000,00 €
933	63200	PROXECTO DE CONSERVACIÓN DAS NAVES DOS AREOS	98.194,72 €
1532	61900	MELLORA PISTA FREAN E MELLORA SAMPAIO (AGADER)	8.442,45 €
		TOTAL	564.844,67 €

As características técnicas da presente operación atópanse establecidas no Prego de condicións técnicas que, como Anexo, forman parte do presente documento.

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

2. RÉXIME XURÍDICO.-

A presente operación de préstamo é un contrato excluído da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, a tenor do artigo 10 de dita disposición legal, polo que o contrato terá carácter mercantil, regularanse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da Lei de Contratos para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse. Aplicarase tamén supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo (RD Lexislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e as demais que resulten de aplicación) ou, no seu caso, as normas de dereito privado. En canto ós seus efectos e extinción, estes contratos rexeranse polo dereito privado que lle sexa aplicable.

3.- PREZO

Constitúe o prezo deste contrato o importe do desembolso anual que, como consecuencia da suma de intereses, deba realizar este Concello, se ben non se fixa en concreto o seu importe, tendo en conta as peculiares características desta contratación, debendo ser determinadas polos contratistas.

4.- CONTÍA DO CRÉDITO, PERÍODO DE DISPOÑIBILIDADE E CONSOLIDACIÓN.-

A Entidade financeira abrirá un crédito a favor do Concello da Pobra do Caramiñal por valor de **564.844,67 euros**. Dito crédito reflectirase nunha conta de crédito onde o Concello irá dispoñendo as cantidades necesarias en función do grado de execución dos investimentos obxecto de financiamento e das necesidades de tesourería existentes.

As cantidades dispostas na conta de crédito vindicarán os intereses previstos na cláusula VI.2 dende a data de cada disposición ata a data de consolidación da débeda establecida no contrato de préstamo.

A partir de dita consolidación comezará a cancelarse o préstamo de acordo co previsto na cláusula VI.4.

O período de dispoñibilidade da conta de crédito previo á de consolidación da débeda iniciárase na data de formalización do contrato.

5.- DISPOSICIÓNS DE FONDOS.-

As disposicións de fondos efectuaranse mediante a correspondente petición de traspaso subscrita polo Ordenador de pagos (o Alcalde ou persoa en quen delegue), coa toma de razón do Interventor e o Tesoureiro.

As peticións de fondos serán atendidas no momento da súa solicitude

As cantidades dispostas adebedaranse na conta corrente de crédito con abono á conta operativa de ingresos e pagos aberta a nome do Concello na Entidade prestamista, salvo que pola operativa da entidade a conta de crédito sexa a mesma que a conta operativa. As datas valor de cargo e abono serán as mesmas.

En caso de que non exista dita conta, pola Entidade Financeira procederase a formalizala. Tódolos movementos e apuntes que se deban anotar na mesma como consecuencia de operacións realizadas polo Concello, tales como transferencias, traspasos, expedición e cobro de cheques, devolucións, etc., estarán exentos de comisións e gastos bancarios de calquera natureza; ao igual que as contas que sexan precisas para levar a cabo a operativa da operación financeira descrita, exceptuando as expresamente previstas nos presentes pregos de prescricións

6.- CONDICIÓN PARTICULARES DO CONTRATO DE PRÉSTAMO.-

VI.I) Contía do préstamo.-

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

564.844,67 euros (QUINIENTOS SESENTA E CATRO MIL OITOCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS).

VI.2) Xuros.-

O tipo de xuro aplicable á operación será o tipo de xuro VARIABLE ofertado pola entidade financeira, que estará referenciado ó EURIBOR a 3 meses mais/menos un diferencial, conforme a normativa sobre prudencia financeira (art. 48 bis do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, e a Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, polo que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das entidades locais).

Os xuros do préstamo calcularanse aplicando ó capital pendente de amortización en cada vencemento o tipo de xuro da oferta seleccionada.

Os xuros de demora non poderán superar o tipo de xuro da operación mais un recargo do 2% anual

VI.3) Comisións.-

A operación descrita ao longo deste prego deberá estar exenta de calquera tipo de comisións, singularmente:

- Comisión por estudo ou apertura.
- Comisión por amortización anticipada, xa sexa total ou parcial.
- Comisión por non disposición da operativa de crédito previa a consolidación.
- Comisións de calquera tipo nas contas correntes ou calquera instrumento que sexa preciso, para formalizar e efectuar os pagos de xuros e principal, así como as operativas de traspaso de fondos , ingresos e calquera outro necesario para garantir o funcionamento normal de ditas contas.

VI.4) Amortización.-

A duración da operativa descrita será dun máximo de 12 anos, conforme as seguintes regras.

- A data de consolidación da operación de tesourería en préstamo a longo prazo non poderá superar o 31 de decembro de 2020. No caso de rematarse os investimentos antes desa data o Concello poderá comunicar tal circunstancia á entidade prestamista para que se realice a consolidación no prazo máximo de 10 días hábiles dende a recepción da notificación pola entidade prestamista.

- Unha vez consolidado o préstamo a longo prazo, a amortización do principal farase mediante amortizacións constantes por décimas partes iguais do préstamo. De tal forma que a primeira amortización coincida no mesmo día, ou hábil seguinte, ao de consolidación do préstamo.

(exemplo: Durante o ano 2019 licítanse e páganse obras por importe de 200.000 euros con cargo a conta de crédito constituído, o día 15 de setembro de 2019 consolídase o crédito disposto mediante préstamo a longo prazo, e o día 15 de setembro de 2020 realízase a primeira amortización de principal por 20.000 euros)

En todo caso, o Concello poderá cancelar anticipadamente, con carácter total ou parcial, as cantidades pendentes de amortizar, en calquera momento, sen máis requisito que a comunicación previa á Entidade Financeira adxudicataria.

7.- GARANTÍAS DO PRESTATARIO.-

O Concello da Pobra do Caramiñal, durante a vixencia do contrato de préstamo e ata a total



Concello de A Pobra do Caramiñal

cancelación das súas obrigas, consignará nos correspondentes Orzamentos anuais as cantidades necesarias para facer fronte ó pago de intereses e amortizacións derivadas do citado contrato.

8.- CAPACIDADE PARA CONCORRER.-

Poderán presentar ofertas tódalas entidades de crédito e aforro que figuren inscritas no Rexistro Oficial do Banco de España, e teñan capacidade legal para levar a cabo a operación descrita.

9.- LUGAR, PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS

As ofertas presentaranse no modelo de proposición que figura no anexo ó presente prego de cláusulas administrativas particulares. Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello da Pobra do Caramiñal, no horario de atención ó público (8h a 15h), en sobre pechado, asinado polo representante da entidade oferente. O prazo para a presentación das ofertas será **de 10 DIAS HÁBILES dende a publicación do anuncio de licitación no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (<https://apobra.sedelectronica.es>)**

No sobre a presentar indicará no seu exterior a indicación: “ Proposición para tomar parte no procedemento para contratar unha operación de endebedamento co Concello da Pobra do Caramiñal por importe de 564.844,77 euros”, debendo incluír a seguinte documentación:

- 3 Copia do poder notarial e copia do D.N.I. no que se acredite a representación da persoa ou persoas que subscriban a correspondente oferta
- 4 Proposición económica: conterá a oferta económica conforme ó modelo que se recolle no anexo ó presente Prego.

10.- PREGOS E INFORMACIÓN ÁS ENTIDADES FINANCEIRAS INTERESADAS

O presente prego, unha vez aprobado polo órgano municipal correspondente, estará exposto ó público ata que remate o prazo de presentación de proposicións na sede electrónica do Concello, así como a o acceso ao expediente de todos aqueles interesados.

Calquera entidade de crédito ou aforro que cumpra as condicións establecidas no presente prego para concorrer, poderá solicitar á Intervención Municipal do Concello da Pobra do Caramiñal a seguinte documentación:

- e) Orzamento Xeral do Concello da Pobra do Caramiñal actualmente vixente.
- f) Liquidación do Orzamento e Conta Xeral do exercicio 2017.
- g) Liquidación do Orzamento e Conta Xeral do exercicio 2016.
- h) Calquera outra que a xuízo da Intervención sexa precisa para a avaliación da operación.

Igualmente as entidades financeiras por medio do presente prego, quedan autorizadas para consultar e obter informe de riscos crediticios do Concello na Central de Información de Riscos do Banco de España.

11.- APERTURA DE OFERTAS

Realizarase na data que se estableza mediante Resolución de Alcaldía, e publicarase no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (<https://apobra.sedelectronica.es>). A apertura realizarase en acto público que presidirá o Sr. Alcalde ou Concelleiro en quen delegue.



Concello de A Pobra do Caramiñal

12.- AVALIACIÓN

As ofertas presentadas serán avaliadas polo Técnico de Administración Financeira, quen realizará informe proposta de adxudicación ao órgano competente, previa fiscalización.

Se algunha das ofertas presentadas ofrecera dúbidas interpretativas, darase conta das mesmas á entidade financeira que corresponda, a fin de que proceda no prazo de tres días a efectuar as aclaracións ou ampliacións que considere oportunas.

13.- CRITERIOS DE SELECCIÓN

O criterio de selección da entidade adxudicataria virá determinada pola oferta que supoña un tipo de xuro mais baixo. En caso de empate, empregárase o menor tipo de xuros de demora. No caso de persistir o empate, realizarase un sorteo entre as ofertas incursas en dita circunstancia.

14. OBRIGAS DO CONTRATISTA

O contratista está obrigado a cumprir as prestacións do contrato nos prazos que se determinen no prego.

Serán de conta do contratista o pago do importe dos anuncios e de cantos outros gastos se ocasionen con motivo dos trámites preparatorios e de formalización do contrato, incluído, se é o caso, os de elevación a escritura pública si así o requirise a parte prestamista, así como tódalas exaccións estatais, provinciais e municipais.

15.- ÓRGANO DE ADXUDICACIÓN.-

O órgano competente para a autorización desta operación de endebedamento e a súa adxudicación é o Alcalde do Concello.

16.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Unha vez que o Presidente da Corporación acordase a adxudicación, notificarase á entidade adxudicataria para proceder á sinatura do correspondente contrato, que deberá formalizarse no prazo de OITO días naturais a partir de tal notificación.

17.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO.-

Son causas de resolución do presente contrato as seguintes:

- Incumprimento das prestacións e cláusulas estipuladas no presente Prego.
- A extinción da personalidade xurídica da Entidade adxudicataria.
- A declaración en concurso de acredores da entidade adxudicataria
- Mutuo acordo entre as partes.
- Cancelación anticipada da totalidade do préstamo.
- As contempladas no dereito común.

18.- XURISDICIÓN

O orde xurisdiccional contencioso administrativo será o competente para resolver as cuestións litixiosas



Concello de A Pobra do Caramiñal

relativas á preparación e adxudicación do presente contrato.

Non obstante, corresponderá ó orde xurisdiccional civil, coñecer de todas as cuestións litixiosas que se puideran plantexar en canto ao cumprimento, efectos e extinción do presente contrato.



Concello de A Pobra do Caramiñal

ANEXO

MODELO DE PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NO PROCEDEMENTO DE CONTRATAÇÃO DUNHA OPERACIÓN DE CRÉDITO A LONGO PRAZO

D.con D.N.I. nº, veciño decon domicilio enCódigo Postal,teléfonoactuando en representación decon CIF..... **e sinalando como dirección de correo electrónico a efectos de notificacións telemáticas**....., manifesta que, enterado do procedemento de contratación promovido polo Concello da Pobra do Caramiñal para concertar unha operación de endebedamento máximo por importe de **564.844,67 euros (QUINIENTOS SESENTA E CATRO MIL OTOCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS)**, e aceptando integramente as cláusulas contidas no Prego de Cláusulas Administrativas particulares e condicións técnicas, comprométese a prestar a citada cantidade á Entidade Local convocante nas seguintes condicións:

Oferta a tipo de xuro VARIABLE:

- DIFERENCIAL sobre o EURÍBOR A TRES MESES: _____ PUNTOS BÁSICOS
- Tipo de xuro en caso de DEMORA _____ %.

En, a de de 2018.

POLA ENTIDADE

Asdo.:



Concello de A Pobra do Caramiñal

PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS

PRIMEIRA.- O prazo total da operación dividirase en dous tramos:

- **Un primeiro tramo con funcionamento como operación de crédito**, que abarcará dende o momento de formalización da operación ata o momento da consolidación do saldo disposto nun préstamo. Esta consolidación farase unha vez determinados os importes de execución das obras obxecto de financiamento, sen que dita data supere o 31 de decembro de 2020. Neste período non se amortizará principal e liquidaranse os xuros trimestrais.
- **Un segundo tramo que irá dende a data de consolidación do ano X ata a data de consolidación do ano X+10**, nos que se amortizará o principal por décimas partes do préstamo constituído, liquidándose trimestralmente os xuros que correspondan.

SEGUNDA.- Os únicos gastos que satisfará o Concello á entidade prestamista serán os de xuros, que serán calculados da forma que se contempla neste prego.

O Concello poderá anticipar o pago total da cantidade adebedada en calquera momento, así como efectuar entregas parciais a conta da débeda sen que elo lle supoña gasto nin comisión algunha por dito reembolso anticipado, sen máis requisito que a comunicación previa á Entidade Financeira adxudicataria, aplicándose ditas amortizacións ou ben a reducir o prazo de amortización ou ben a minorar a cota.

TERCEIRA.- Cada Entidade Financeira licitadora deberá sinalar o diferencial sobre Euribor trimestral que, por tódolos conceptos (corretaxes, taxas, comisións e outros gastos), deba de aumentarse ou diminuírse ó tipo de referencia. O tipo de xuro final que resulte de sumar ou restar ó EURIBOR a TRES meses á marxe establecida pola Entidade Financeira **NON SE REDONDEARÁ**, nin en exceso nin en defecto, e calquera outros gastos que puideran existir, non serán repercutidos ó Concello, debendo ser asumidos, en todo caso, pola Entidade Financeira adxudicataria.

CUARTA.- Os pagos por intereses e amortizacións que haxa de satisfacer o Concello por esta operación aboaranse por **TRIMESTRES VENCIDOS**.

QUINTA.- Nas datas expresadas, a Entidade xirará para o seu abono o recibo correspondente.

SEXTA.- A petición de fondos e o ingreso dos mesmos na Conta operativa aberta na Entidade adxudicataria será realizada polo Concello a proposta da Intervención municipal, de acordo co nivel de execución do orzamento e os proxectos financiados, así como das necesidades de Tesourería existentes. Estará subscripta polo Ordenador de pagos (o Alcalde ou persoa en quen delegue), coa toma de razón do Interventor e o Tesoureiro.

A Pobra do Caramiñal,
O alcalde
José Luis Piñeiro García

(documento asinado dixitalmente)

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de A Pobra do Caramiñal